



## PUBLICIDADE DE REQUERIMENTOS

**CONVOCATORIA 2020 DAS AXUDAS DA CONSELLERÍA DO MAR POLA PARALIZACIÓN TEMPORAL DA ACTIVIDADE DE MARISQUEO A PÉ** COMO CONSECUENCIA DO BROTE DO COVID-19 (COFINANCIADAS AO 75 % POLO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA) (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO PE401I).

A Orde do 4 de agosto de 2020, publicada o 13.08.2020 (DOG núm. 162) (corrección de erros do 16/09/2020, DOG núm. 188), regula as bases e a convocatoria para o ano 2020 das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, pola paralización temporal da actividade de marisqueo a pé como consecuencia do brote do COVID-19 (cofinanciadas ao 75 % polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca) (código de procedemento PE401I).

O artigo 22 desta orde establece que serán obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería do Mar, <https://mar.xunta.gal/>, as indicacións sucintas do contido dos requirimentos.

Por outra banda, o artigo 12 no punto 1 indica que, de ser necesario, se lle porá de manifesto por escrito aos interesados para que nun prazo de dez (10) días hábiles remitan cantos datos, documentos complementarios e aclaracións se consideren necesarios para poder resolver o expediente. Así mesmo, recolle que este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas polo órgano xestor, de conformidade co disposto no artigo 9.3, resulta que o solicitante non está ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e sociais ou das débedas coa Comunidade Autónoma.

Este mesmo artigo 12 no punto 2 establece que en calquera momento do procedemento o servizo xestor poderá requirir a persoa solicitante para que remita aqueles datos ou documentos complementarios que resulten necesarios para a tramitación e adopción da resolución que proceda.

Toda vez que os requirimentos foron realizados segundo o artigo 12 da devandita Orde reguladora, procédese á publicidade destes nos termos indicados no artigo 22.

En virtude do anterior, infórmase que foron obxecto de emenda 220 expedientes, nalgún dos casos por partida dobre. Así, tiveron que realizarse un total de 232 requirimentos, que foron notificados entre o 9 de novembro e o 2 de decembro de 2020.

Con relación ao contido destes requirimentos, os temas sobre os que versaron foron os que se recollen a continuación cos datos de cuantificación correspondentes:

- **Anexos esixidos na Orde reguladora:** no total de requirimentos foron incluídas 339 peticións que consistiron neste tipo de emenda.



- **Certificados de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e sociais ou das débedas coa Comunidade Autónoma:** 46 peticións deste tipo de documentación.
- **Resolucións, certificacións ou informes de comprobación das incompatibilidades indicadas no artigo 5:** 72 peticións
- **Certificación para a comprobación de non ter cometido fraude no marco do Fondo Europeo de Pesca (FEP) ou do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP):** 13 peticións
- **Indicación da opción elixida de acordo co artigo 7.3 :** 3 peticións.